

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN A ASINAR ENTRE O PORTOS DE GALICIA E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia formula memoria en intención de formalizar coa Fundación Empresa – Universidade Galega, un convenio por un período vixencia ata o 31.12.2024 e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización.

O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

FEUGA é unha entidade de dereito privado, sen ánimo de lucro, fundada polas tres Universidades Galegas e as entidades públicas e privadas, Cámaras de Comercio e Confederacións empresariais asinantes da súa Carta Fundacional. Os seus fins diríxense ao desenvolvemento da economía e da Sociedade de Galicia e as súas actividades están orientadas ao fomento e desenvolvemento do diálogo e comunicación entre as empresas e as Universidades do sistema universitario de Galicia como ingrediente básico do incremento dos niveis de formación, de desenvolvemento tecnolóxico e da competitividade das empresas galegas contando entre os seus obxectivos principais contribuír á mellora das capacidades empresariais, aplicar nas empresas os coñecementos e tecnoloxías dispoñibles nas Universidades e mellorar a formación e cualificación dos recursos humanos.

Á FUNDACION EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA) resúltalle de aplicación o réxime fiscal da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

FEUGA, no seu último Plan Estratéxico recolle, dentro da súa liña de actuación “Recursos Humanos” e como un dos seus principais obxectivos contribuír a inserir profesionalmente aos titulados das tres universidades galegas, conseguindo con iso profesionais máis cualificados, posibilitando con iso a mellora no desempeño profesional dos cadros técnicos das empresas. Así FEUGA promove desde a súa creación, como unha das súas actuacións prioritarias, a formación práctica dos titulados do Sistema Universitario Galego (SUG) a través dos seus Programas de Bolsas de Formación (PBF) e estudantes (PBE) co fin último de achegar aos recentes titulados do SUG ao mundo laboral e preparar a súa futura incorporación ao mesmo.

Ante a necesidade de crear actividades que conduzan a mellorar a formación e cualificación dos mozos, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e FEUGA poñen en marcha un Programa de Bolsas de Formación Profesional (PBFP) para que recentemente titulados nesta rama do sistema educativo de Galicia, poidan realizar prácticas formativas en empresas, de modo que facilite o seu acceso ao mercado laboral.

Os Programas de Bolsas de Formación (PB) FEUGA están deseñados co obxecto de facilitar o progreso no itinerario profesional dos titulados e estudantes, actuando como unha plataforma ata o mercado laboral, ademais de revelarse como un importante complemento formativo.





Que tales actividades contribúen a mellorar a economía galega e a achegar aos recentes titulados e estudantes do SUG e titulados de Formación Profesional ao mundo laboral e preparar a súa futura incorporación ao mercado laboral.

Para a implantación dos Programas de Bolsas (PB), FEUGA necesita da colaboración e o soporte doutras organizacións, administracións e entidades.

As partes son conscientes da importancia das prácticas en institucións públicas e/ou privadas facilitando a preparación dos estudantes para o exercicio profesional, reforzando a formación dos mesmos e, por iso, están interesados en colaborar no desenvolvemento das citadas prácticas.

FEUGA ten, entre os seus fins, achegar a formación profesional e a universitaria á realidade social e profesional da súa contorna, mediante o establecemento de relacións con entidades que permitan completar o proceso formativo cunha posta en práctica dos coñecementos teóricos adquiridos, mediante a realización de prácticas externas, que posibiliten a posterior incorporación ao mundo laboral.

O interese de PORTOS na subscrición do presente Convenio baséase no convencemento de que a acollida dos bolseiros no mesmo supoñerá unha experiencia enriquecedora para os mesmos, no que se refire á súa preparación profesional, e para os empregados públicos que poderán compartir experiencias laborais con aqueles que finalizaron a súa preparación académica.

Tales actividades contribúen a mellorar a economía galega e a achegar aos recentes titulados e estudantes do Sistema Universitario de Galicia e titulados de Formación Profesional ao mundo laboral e a preparar a súa futura incorporación ao mercado laboral.

2. Obxectivos que se pretenden

Este Convenio ten por obxecto crear un marco no que os recentes titulados e estudantes do Sistema Universitario de Galicia así como os titulados de Formación Profesional adquiran unha formación plena a través do acceso á realización de plans de formación especializados en PORTOS DE GALICIA que veñan así a completar a súa formación académica.

En concreto este Convenio ten por obxecto permitir que ata un máximo de 5 graduados ou titulados superiores con master poidan realizar practicas extra laborales (en adiante Practicas) nos centros de traballo e nos portos administrados pola entidade pública Portos de Galicia.

O importe máximo mensual e total que PORTOS destinará a compensar a FEUGA será de 850,69 euros/mes por titulado universitario, dos que 705,00 euros corresponderán a cada un dos bolseiros.

FEUGA abonará o custo que supoña a inclusión dos alumnos beneficiarios do presente convenio no Réxime Xeral da Seguridade Social e contratará e abonará o custo dun seguro de





accidentes e de responsabilidade civil para cada un dos alumnos beneficiarios, incluíndose, non soamente, os danos que poidan sufrir estes, senón tamén os posibles danos a terceiros que poidan ocasionar no desenvolvemento das prácticas.

O orzamento total do convenio, supón un custe máximo de 51.041,4 € con cargo aos orzamentos da EPE Portos de Galicia, e, sobre a base do establecido no artigo 12 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia e co artigo 58 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, e para os efectos do previsto na disposición adicional segunda da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno de Galicia, o gasto previsto e anual a desenvolver integramente no exercicio seguinte:

Exercicio 2024: 51.041,4 euros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio supón achega económica por parte de Portos de Galicia, pero a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Director

Roi Fernández Añón

